



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000026

RESOLUCIÓN

ASUNTO: AUTORIZAR GASTO DE ITV

EXPEDIENTE:2017/G003/000026

ANTECEDENTES:

Tendo que pasar a ITV o vehículo municipal, camión do lixo, con matrícula 7414 BSL e cuxo importe total ascende a 59,23 euros.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1. Autorizar o gasto correspondente a ITV do vehículo municipal, camión do lixo, con matrícula 7414 BSL, por importe total de 59,23 euros.
2. Comunicar este decreto á tesourería municipal para que proceda a retirar os fondos polo importe sinalado.

En Boqueixón, mércores 5 de abril de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín

RECIBO Nº 2017/04/05 Fecha de decreto: 05/04/2017
Versión imprimible

CVD: 7NTp9Y/aUX7hiXYsFbwT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000027

RESOLUCIÓN

ASUNTO: AUTORIZACIÓN FESTAS SANTO CRISTO DA CANDELARIA EN LAMAS

EXPEDIENTE:2017/G003/000027

ANTECEDENTES:

Con data 19 de abril 2017, rexistro de entrada número 17/760, don Manuel en calidade de presidente da Comisión de Festas "A Braña" de Lamas, solicita licenza para verbenas e bailes ao aire libre durante as festas populares do Santo Cristo da Candelaria en Lamas os días 29 e 30 de abril de 2017.

Xunto coa solicitude achega a seguinte documentación:

- Seguro de Responsabilidade Civil
- Documentación acreditativa do estado de idoneidade dos escenarios móbiles
- Memoria da actividade

Á vista do que e tendo en conta o artigo 42.1 b) da Lei 9/2013 de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, así como a circular da Dirección Xeral da Administración Local de data 11 de xuño de 2014 (rexistro 13 xuño 2014) en relación as autorizacións municipais para verbenas e festas populares en Galicia.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1º Conceder ao presidente da Comisión de Festas "A Braña" de Lamas licenza para a realización de verbenas e bailes en Lamas coas seguintes:

Día:	29/04/2017
Tipo de espectáculo:	Orchestra Paris de Noia e Samba
Grupo e características do escenario:	Paris de Noia
Trailer:	13,60 m. de longo, 10,00 m. de alto e 9 m. de fondo
Grupo e características do escenario:	Samba

RECEBIDO Nº 1772017 - FECHA DE RECEPCIÓN: 21/04/2017
PERSONA IMPRIMIBLE

CVD: lBZCIVDuzccOBu/LSKMM
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000027

- Semiremolque:** 13,61 m. de longo, 2,55 m. ancho e 4 m. de alto
- Previsión de asistencia de público:** 2.400 persoas
- O horario será de:** 13:00 a 15:30 h. Sesión vermú (Samba) e de 22:00 a 4:00 h. verbena
- Día:** 30/04/2017
- Tipo de espectáculo:** La OcaBand e Dúo Elite
- Grupo e características do escenario:** La OcaBand
- Semiremolque:** 12,60 m. de longo e 25 m. de ancho
- Previsión de asistencia de público:** 1.000 persoas
- O horario será de:** 13:00 a 15:30 h. Sesión vermú (La OcaBand e Dúo) e de 22:00 a 4:00 h. verbena

2º A licenza concédese condicionada a:

- Que en todo momento se mantefia o acceso á propiedade e se permita o paso de vehículos de urxencia.
- Que ao finalizar os actos, as vías queden libres, tendo que responder os titulares desta licenza dos danos ocasionados no pavimento das calzadas e beirarrúas, e retirar de inmediato calquera instalación ou plataforma colocada como consecuencia do acto celebrado.

3º Notificar esta resolucións aos interesados.

En Boqueixón, xoves 21 de abril de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000029

RESOLUCIÓN

ASUNTO: AUTORIZACION DE TIRADA DE FOGOS DE ARTIFICIO

EXPEDIENTE:2017/G003/000029

ANTECEDENTES:

O día 21 de abril con rexistro de entrada núm. 17/807 don Juan Manuel pirotécnico de Vedra, con dni presenta unha solicitude para que se lle conceda autorización para a tirada de fogos de artificio na parroquia de Santa María de Lamas os días 28, 29 e 30 de abril 2017.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1. Autorizar previamente o disparo de fogos de artificio eses días, adaptándose ao disposto no Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural, á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais (DOG núm. 125 do 30 de xuño de 2006) e á Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (DOG núm. 74 do 17 de abril de 2007) e á Lei 7/2012 de 28 de xuño, de montes de Galicia (DOG. núm. 140 do 23.07.2012).
2. A autorización quedará sen efecto cando o nivel de alerta en materia de incendios forestais impida a realización desta actividade.
3. Que por parte da Pirotecnia se adopten as medidas oportunas de sinalización, seguridade e prevención aprobadas, co obxecto de que ninguén poida resultar prexudicado e para evitar posibles incidentes.
4. Esta autorización non eximirá, en ningún caso, das responsabilidades por danos e perdas a que houber lugar no caso que concorra negligencia ou imprudencia.
5. Trasladar esta resolución ao Servizo Provincial de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais e á Garda Civil de Santiago.

En Boqueixón, venres 21 de abril de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000028

RESOLUCIÓN

ASUNTO: MODIFICACION DECRETO DE DATA 31/01/2017 POLO QUE SE PRORROGA O CONTRATO DA TÉCNICO DE ORIENTACIÓN LABORAL

EXPEDIENTE:2017/G003/000028

ANTECEDENTES:

Por Decreto da alcaldía de data 31/01/2017 resolveuse prorrogar o contrato da traballadora Lucía Veleiro Ferreiro, técnico de Orientación laboral, dende o 01/02/2017 ata o 31/12/2017.

Con data 7 de marzo de 2017, recíbese no concello un escrito do Servizo de Orientación Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria no cal se indica que autoriza o mantemento provisional dos servizos de orientación laboral subvencionados ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2015 e ata a data da Resolución da correspondente convocatoria de axudas para o exercicio 2017, ou no seu caso, ata a revogación da citada autorización pola Dirección Xeral de Orientación e Promoción laboral.

Con data 12/04/2017 recíbese do Servizo de Orientación Laboral a notificación da revogación da autorización provisional do mantemento provisional dos servizos de orientación laboral concedida o 7 de marzo 2017, así como do acceso aos correspondentes aplicativos do Servizo Público de Emprego de Galicia.

Por este motivo e non podéndose exercer as funcións de orientadora laboral a través do programa da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1. Deixar sen efecto o Decreto de data 31/01/2017 polo que se prorrogaba o contrato asinado con dona Lucía Veleiro Ferreiro.
2. Extinguir por causas obxectivas o contrato asinado con dona Lucía Veleiro Ferreiro ao revogar a Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral a autorización do mantemento dos servizos de orientación laboral e en consecuencia, eliminar a subvención para o financiamento deste posto de traballo.
3. Comunicar esta Resolución a interesada e comunicarlle, así mesmo, que esta extinción terá efectos a partires do 30 de abril deste ano.

En Boqueixón, venres 21 de abril de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000030

RESOLUCIÓN

ASUNTO: ADXUDICACIÓN DO XANTAR DO ENCONTRO DE MAIORES 2017

EXPEDIENTE:2017/G003/000030

ANTECEDENTES:

Na Xunta de Goberno do día 6 de abril, iniciouse o procedemento para a contratación do xantar que se vai a servir con motivo do Encontro de Maiores do ano 2017 que se realizará o vindeiro 6 de maio. Acordouse invitar a 4 empresas expertas no sector para que presentasen os presupostos correspondentes, marcando como prezo máximo de licitación 23 euros por asistente (IVE incluído) e contando cunha asistencia aproximada de 300 persoas. Tamén se achegou un menú tipo para que todas as ofertas foran elaboradas tendo en conta as mesmas características do servizo.

Concedéuselle un prazo de 5 días hábiles para a presentación das ofertas.

Con data 20 de abril, entregou o presuposto a Pulpería Constante, cumprindo tódalas características do contrato e ofertando un prezo por asistente de 22 euros (IVE incluído)

Con data 21 de abril, entregou o presuposto Veloso & Iglesias, SL, cumprindo tódalas características do contrato e ofertando un prezo por asistente de 20,80 euros (IVE incluído)

Con data 24 de abril, entregou o presuposto Casa Taboada, SC, cumprindo tódalas características do contrato e ofertando un prezo de 23,00 euros (IVE incluído)

Con data 21 de abril (rexistrado con data 24 de abril), entregou o presuposto o Restaurante A Magdalena, SL, ofertando un prezo de 23 euros – iva excluído, co que excede o presuposto de licitación. Polo tanto quedaría descartada a súa proposta.

Debido a que a festa se vai a realizar o vindeiro día 6 de maio, e é preciso programar e xestionar todo o relativo á súa organización, e a Xunta de Goberno non se realiza ata o día 4 de maio

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Adxudicar o contrato do servizo do xantar do Encontro de Maiores que se realizará o vindeiro día 6 de maio á empresa Veloso & Iglesias, SL polo prezo de 20,80 euros/persoa (IVE incluído), por presentar a oferta máis vantaxosa. O menú axustarase ó presentado no presuposto.

Comunicar á empresa Restaurante A Magdalena, SL, que a súa proposta foi descartada do procedemento, ó non axustarse a súa oferta ó tipo de licitación, superando o importe fixado (23 euros IVE incluído)

Comunicar a adxudicación a tódalas empresas



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000030

En Boqueixón, mércores 26 de abril de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000031

RESOLUCIÓN

ASUNTO: REPRESENTACIÓN DO CONCELLO NO XULGADO

EXPEDIENTE:2017/G003/000031

ANTECEDENTES:

Con data 26 de abril de 2017, recíbese a cédula de citación enviada polo Xulgado de Instrución nº. 3 de Santiago de Compostela, relacionada co asunto de dilixencias previas proc. abreviado 644/2017 por un delito de roubo con forza nas cousas ocasionado no local social de Sergude.

A citación é para comparecer, en calidade de prexudicado, ó representante desta administración, o vindeiro día 28 de abril ás 10.00 horas.

Debido a que o Sr. alcalde non pode asistir persoalmente, e

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Nomear para a comparecencia, en representación do concello, no procedemento abreviado núm. 644/2017 a don Jesús Sanjuás Mera, concelleiro da corporación con DNI _____ que se persoará no Xulgado de Instrución nº 3 de Santiago de Compostela o vindeiro día 28 de abril ás 10.00 h. da mañá.

Comunicar esta resolución da don Jesús Sanjuás Mera

En Boqueixón, mércores 26 de abril de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp, 2017/G003/000032

RESOLUCIÓN

ASUNTO: MODIFICACION ACORDO XUNTA DE GOBERNO DO DÍA 6 DE ABRIL DE 2017 - XUSTIFICACIÓN SUBVENCIÓN ACTIVIDADES CULTURAIS 2016

EXPEDIENTE:2017/G003/000032

ANTECEDENTES:

No punto 13 da orde do día da Xunta de Goberno que tivo lugar o día 6 de abril de 2017, acordouse a xustificación da subvención de Actividades Culturais 2016.

Á vista dos erros detectados no apartado 1º no que se acorda imputar unha relación clasificada de pagos realizados que incluía gastos de persoal e no apartado 5º que fai referencia ás subvencións para o mesmo obxecto, ou calquera outra fonte de financiamento, de calquera outra entidade tanto pública como privada.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1º) Modificar no acordo da Xunta de Goberno do día 6 de abril no apartado 1º algún dos importes de gastos de persoal imputados a esta subvención, quedando as táboas do seguinte modo:

NOME E APELIDOS DA TRABALLADORA: ANA BEATRIZ DÍAZ MÍGUEZ		NIF DA TRABALLADORA:		
IMPORTE MENSUAL	Abril/16	Maio/16	TOTAL ANUAL	PORCENTAXE IMPUTADA (13%)
Nómina: total devengado	2 255,38 €	3 086,00 €	5.341,38 €	694,37 €
Seguridade social a cargo da empresa	662,58 €	662,58 €	1.325,16 €	172,27 €
IMPORTE IMPUTADO= Total anual x Porcentaxe da xornada laboral imputada				866,64 €

NOME E APELIDOS DO TRABALLADOR: PASCUAL VILLAYERDE NÚÑEZ		NIF DO TRABALLADOR:			
IMPORTE MENSUAL	Maio/16	Xullo/16	Decembro/16	TOTAL ANUAL	PORCENTAXE IMPUTADA (15%)
Nómina: total devengado	2.313,84 €	1.578,59 €	3.156,50 €	7.048,93 €	1.057,33 €
Seguridade social a cargo da empresa	609,87 €	616,93 €	616,93 €	1.843,73 €	276,55 €

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000032

IMPORTE IMPUTADO= Total anual x Porcentaxe da xornada laboral imputada	1.333,88 €
--	-------------------

2º) Modificar o acordo da Xunta de Goberno do día 6 de abril, na que no apartado 5 di que "para o mesmo obxecto non se obtiveron subvencións, ou calquera outra fonte de financiamento, de calquera outra entidade tanto pública como privada"; e debe decir "que para os cursos de novas tecnoloxías, incluídos nesta xustificación e na programación obxecto de solicitude, obtivéronse ingresos dos participantes por importe total de 1.080 € (importe total das dúas facturas 1.876,5 € e importe imputado á subvención 796,5 €).

3º) Debido á modificación nos apartados anteriores a cantidade total que se xustifica é de 8.125,81 €, en lugar de 8.123,50 € que figuraba no acordo da XG do día 6 de abril.

4º) Dar traslado desta resolución á próxima Xunta de Goberno e aos departamentos municipais que corresponda.

Boqueixón, xoves 27 de abril de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín